

PAUTAS DE COMENTARIO DUNHA PAISAXE URBANA

INTRODUCCIÓN

- Definición de paisaxe urbana
- Descrición da paisaxe (brevemente dicimos o que observamos)
- Indicamos a cidade á que pertence (só en caso de sabelo)

COMENTARIO

- Tipo de plano urbano (se se aprecia) ou demais elementos da morfoloxía (edificacións, trama, usos do solo) que nos permitan recoñecer en que parte da cidade estamos en base a estrutura urbana.
 - Unha vez recoñecemos a parte da cidade na que estamos, explicamos a teoría (Ex. Ensanche, casco histórico, etc). Relacionamos a paisaxe co proceso de urbanización.
 - Problemas das cidades na actualidade: aglomeración, sociais, económicas e ambientais (moi brevemente).
- *Empregamos sempre o vocabulario de xeito rigoroso e ofrecemos explicacións detalladas.**

CONCLUSIÓN

Modificacións recentes desa parte da cidade e perspectivas de futuro.

Definición de paisaxe urbana:

"As paisaxes urbanas son o resultado dunha profunda transformación do medio natural producida polo proceso urbanizador. Trátase de paisaxes antrópicas, é dicir, modificadas polo ser humano. As diferentes etapas na historia da urbanización son perceptibles nas distintas morfoloxías da estrutura urbana que compoñen a cidade."

Resumo da teoría

ESTRUTURA URBANA

A cidade preindustrial

Correspondese coa zona antiga da cidade. Comprende a parte urbanizada desde a orixe da cidade ata o inicio da industrialización a mediados do s. XIX.

Características comúns as cidades preindustriais:

- Case todas **as cidades estaban rodeadas de murallas** (finalidade defensiva e sanitaria)
- **O plano adoita ser irregular.** Existen, tamén, cidades con planos radiocéntricos (Vitoria), con planos lineais (Sto. Domingo de la Calzada –Burgos-) e planos en cuadrícula (cidades de orixe romano –Tarragona-)

- **A trama urbana é pechada** pois as cidades creceron dentro das murallas
- **A edificación** predominante eran casas unifamiliares, de baixa altura. Hai edificios destacados (catedrais, igrexas, palacios, ...)
- **Os usos do solo** eran diversos (multifuncionais)

Tipos de cidades:

- **A cidade romana.** Ten un plano en cuadrícula con dúas vías principais de norte a sur (cardo) e de leste a oeste (decumanus). No cruce atópase o foro e que na actualidade adoita coincidir coa praza maior. Exemplos de cidades: Zaragoza, Lugo, León, Mérida.
- **Na Idade Media.**
 - o **A cidade cristiá.** Estaba amurallada. O seu centro adoita ser un castelo ou unha igrexa e contaba con prazas para a celebración do mercado. Os planos son variados. Os edificios máis destacados eran igrexas, palacios. As casas tiñan o taller-comercio na planta baixa e enriba a vivenda. Exemplo de este tipo é Vitoria.
 - o **A cidade musulmá.** Estaba amurallada (Medina). Os edificios principais son a mesquita, o zoco ou mercado, e os barrios residencias. Fora dela estaban os arrabales ou barrios dos traballadores. O plano era irregular. As casas carecían de fachadas suntuosas e tiñan poucos vans. Exemplos: Córdoba, Sevilla, Toledo.
- **Na Idade Moderna.** Aínda que se crearon algunhas novas cidades (Novas poboacións do século XVIII), o máis frecuente foi a creación de novos barrios en cuadrícula, o deseño de prazas maiores e desde elas abríronse novas rúas (rúas maiores) de trazado rectilíneo. Se embeleceron as cidades con rúas amplas, xardíns, paseos arborados e fontes, etc.

A cidade industrial

Se corresponde co proceso de industrialización (1850-1975).

- **O plano.** Foron modificados os planos:
 - o **As reformas interiores do século XIX e do 1º terzo do século XX.** Abríronse novas prazas e construíronse grandes vías (rúas amplas e longas) con edificios maxestosos. Nalgúns casos trazáronse dentro da zona antiga (Gran Vía de Madrid) e noutros unindo a cidade histórica co ensanche burgués (Oviedo, León).
 - o **As políticas de renovación da década de 1960.** O obxectivo é sacar maior rendibilidade ao solo urbano. Así, parte do plano da zona antiga destruíuse coa apertura de novas rúas ou coa modificación do seu trazado.
- **A trama da zona antiga densificouse** para aproveitar o espazo.
- **A edificación.** Sufriu cambios.
 - o Algúns inmobles reutilizáronse para outras funcións (deputacións, bibliotecas, hospitais, museos, etc).
 - o Edificios unifamiliares dunha ou dúas plantas substituíronse por vivendas colectivas e en altura.
 - o As únicas excepcións foron as zonas antigas de certas cidades, onde políticas conservacionistas impediron calquera reforma, favorecendo o deterioro e o abandono dos edificios (Toledo, Salamanca, etc).
- **Os usos do solo** da zona antiga terciarízase e segregase:

- o **A terciarización.** Iniciouse no 1º terzo do s. XX cando os edificios renovados instalaban actividades terciarias (bancos, sedes empresariais, comercio de luxo, teatros, cafés de moda, hoteis, etc). O resultado foi o desprazamento dos usos residenciais; unha saturación de persoas e tráfico, etc.
- o **A segregación.** Separación entre os grupos adifneirados que se instalaban nos barrios renovados, e os grupos populares que permaneceron nos barrios degradados.

A cidade postindustrial

É a cidade dende 1980 e se caracteriza pola aplicación de políticas de rehabilitación integrada.

- **O trazado.** Moitas veces as rúas resultan inapropiadas para o tráfico moderno tanto de persoas como automóbiles. Lévanse a cabo políticas de actuación integral como rúas de único sentido, etc.
- **A trama** pechada e densa. Para a súa mellora se levan políticas de peatonalización, ampliación e axardinamento de prazas, co fin de recuperalas como lugar de encontro e desfrute público.
- **A edificación.** Algúns barrios con vivendas novas ou rehabilitadas de elevado prezo ocúpanse por grupos de alto poder adquisitivo. Outros barrios manteñen un importante deterioro ocupado por persoas con baixos ingresos. Como solución rehabilitáanse os edificios históricos e vivendas particulares.
- **Os usos do solo** da zona antiga acentúan a perda de multifuncionalidade e segregación. As políticas de rehabilitación promoven a recuperación do comercio tradicional e a implantación de novos usos, como o turístico, cultural, etc. Por outra banda a mestura social propia das zonas antigas vaíase substituíndo por unha política de favorecer a instalación das clases medias.

ANEXO FOTOGRÁFICO DE TIPOS DE PAISAXE

Casco antigo de Pontevedra



Rúa Maior de Madrid



Rúa Gran Vía de Madrid




Zona urbana e industrial de Vigo



Rehabilitación Casco Vello de Vigo



Rúa Montero Ríos de Vigo



Xentrificación no barrio de Malasaña (Madrid)



Barrio de Salamanca (Madrid) – ensanche



El raval – Barcelona – casco histórico



Ensanche de Barcelona – mazá achafanada



Casa Batlló de Gaudí – modernismo no ensanche de Barcelona

